

## **Para estudantes de Ciclo Superior:**

### **Acceso á Universidade. Nota de admisión**

Co título de técnico superior poderán acceder de modo directo, sen necesidade de proba.

**Nota de admisión = NMC (nota media do ciclo formativo)**

( Os módulos profesionais validados cualifícaranse cun 5, a efectos da obtención da nota media.)

#### **Procedemento para mellorar a nota de admisión**

Realizar os exercicios da fase voluntaria da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU).

Neste caso a nota de admisión calcularase mediante a seguinte fórmula.

$$\text{Nota de admisión} = \text{NMC} + a * \text{M1} + b * \text{M2}$$

**NMC:** Nota media do ciclo formativo.

**M1 e M2:** as cualificacións dun máximo de dúas materias superadas da fase específica que proporcionen mellor nota de admisión.

**a e b:** Parámetros de ponderación das materias dos exercicios superados.

